

OLD BOY

Park Chan-wook, 2003

1447

ESTREA EN NUMAX: 23.01.2025 | V.O.S.E. | 120 min

Oh Dae-su é un home de negocios coreano que un día é secuestrado e confinado durante anos nunha cela na que só hai unha televisión. E, porén, ignora por que razón está alí...

«Unha película potente polas profundidades do corazón humano que deixa ao descuberto»

Roger Ebert, ROGEREBERT.COM



Cinco días para a vinganza

Por André Didyme-Dôme

En 1996, a revista Futabasha Weekly Manga Action publicou 79 capítulos da serie coñecida como “Old Boy”. Escrito por Garon Tsuchiya e ilustrado por Nobuaki Minegishi, o manga presenta un home chamado Shinichi Gotō, secuestrado durante dez anos e confinado nunha prisión privada da mafia xaponesa para logo ser liberado sen ningunha explicación. Gotō tentará descubrir por que o encarceraron por unha década e buscará aos seus captadores para cobrar unha cruel vinganza.

O director surcoreano Park Chan-Wook decidiu, en 2002, realizar unha “triloxía da vinganza”, asinando tres filmes non conectadas narrativamente. O primeiro foi *Sympathy For Mr. Vengeance* (2002), sobre un home xordo que secuestra unha nena para pagar un transplante de ril para a súa irmá. A segunda é precisamente a adaptación cinematográfica en acción real e libre do manga de Tsuchiya e Minegishi. O resultado é unha estremecedora historia de vinganza cargada de sexo, violencia, escatoloxía, psicanálise e unha conexión moi forte coa traxedia grega.

O actor Min-Sik Choi está grandioso como Oh Dae-su, un home agreste que será encarcerado nun cuarto de hotel cun televisor situado no piso 7½ (unha simpática cita a *Como ser John Malkovich* -Spike Jonze, 1999-). Nas noticias dise que el foi acusado de asasinar á súa esposa. Quince anos máis tarde, Oh Dae-su libérase e, do mesmo xeito que Gotō, o protagonista do Manga, tentará descubrir por que o secuestraron e cobrará unha vinganza brutal aos seus captadores.

A fita de Park Chan-Wook, inspirada tamén n’O conde de Montecristo’ de Alexandre Dumas, posúe unhas escenas non aptas para persoas sensibles. O primeiro que fai Oh Dae-su ao saír da súa prisión é ir a un bar de Sushi e devorar unha lura viva. Así como ao home branco lle encanta estereotipar á cultura negra (violencia, gansterismo e Hip Hop), os occidentais tendemos a estereotipar o cinema oriental como filosófico, profundo e contemplativo. Non se equivoquen. *Old Boy* é un exquisito exercicio formal tan profundo como *John Wick* (Chad Stahelski, David Leitch, 2014) e iso non ten nada de malo. Estamos a falar dun clásico do cinema de acción. Non escoite a todos eses falabraros que falan de capas de significado. Están sobreinterpretando.

A triloxía de Park Chan-Wook culminou con *Sympathy For Lady Vengeance* (2005), que conta a historia de Le-Geum Ja, unha muller que despois de pasar trece anos e medio no cárcere, decide vingarse do verdadeiro autor do crime polo que foi feita prisioneira. As tres fitas son estupendas, pero *Old Boy* é a mellor das tres.

O gran Spike Lee tentou facer un remake en 2013 con Josh Brolin como protagonista. O resultado foi decepcionante. Non se deixe enganar por falsas imitacións. Aproveite que *Old Boy* volveu ás salas de cinema para vela como debe ser. Esta é unha experiencia cinematográfica escura, cínica e brutal que o deixará sen alento.

Publicado en es.rollingstone.com